

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

Á vista dos seguintes antecedentes:

O Concello vai acometer a mellora dos espazos públicos do Robledo da Lastra, para elo redactouse un proxecto e foi subvencionado pola Deputación a través do Plan Provincial de Obras e Servizos do ano 2024.

Necesidade a satisfacer:

É unha obra prioritaria para o Concello xa que os veciños teñen que contar con servizos no seu lugar de residencia de calidade, sendo básico para fixar poboación e atraer o rural a xente sendo un lugar atractivo para vivir.

Visto que a execución do proxecto de obra ascende a cantidade de 43.856,21 € euros.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,

RESOLVO

PRIMEIRO. Xustificar a celebración do contrato polos seguintes motivos:

É unha obra prioritaria para o Concello a PAVIMENTACIÓN E ACONDICIONAMENTO DE ESPACIOS PÚBLICOS EN ROBLEDO DA LASTRA.

quedando acreditado que a contratación de MASID-CONS. MASIDE, S.L. CIF B32383903, mediante un contrato menor de obras é a forma máis idónea e eficiente de levar a cabo os fins do Concello.

SEGUNDO. Xustificar a non alteración do obxecto do contrato polos seguintes motivos:

A obra é unha unidade independente, e non se fracciona o obxecto do mesmo.





CONCELLO
DE RUBIÁ

TERCEIRO. Contratar con **MASID-CONS. MASIDE, S.L. CIF B32383903 a prestación descrita nos antecedentes, polo prezo de 43.600,00 €.**

O adxudicatario deberá instalar un cartel segundo as bases da subvención reguladora da actuación.

CUARTO. Una vez realizada a prestación, incorpórese a factura e tramítese o pago á vista do informe de intervención previa.

QUINTO. Notificar a resolución ao adxudicatario no prazo de dez días a partir da data da firma da Resolución.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Cod. Validación: A2GPPKGA63Y744CPCWZQGLWYX
Corrección: <https://rubia.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

